



CONCELLO DE TOQUES

Lugar de Souto
15806 Toques (A Coruña)
NIF: P-1508400G
Tfno.: 981 505 826 fax 981 506 255.
Páxina web: www.toques.es
Email: correo@toques.es

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN DA LISTA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS DO SEGUNDO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN DE 3 PEÓNS FORESTAIS PARA O SERVIZO DE CONSERVACIÓN E LIMPEZA.

EXPEDIENTE: 2026/G003/000116

ANTECEDENTES:

Expirado o segundo prazo de presentación de solicitudes de admisión en data 14 de maio de 2026, para participar nas probas de selección ao obxecto de cubrir as dúas prazas restantes de PEON DO SERVIZO DE LIMPEZA E CONSERVACIÓN FORESTAL; a xornada completa como PERSOAL LABORAL TEMPORAL na modalidade de contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego, a través do sistema de concurso- oposición para prestar servizos no concello de Toques durante o prazo de 9 meses de conformidade co establecido na subvención concedida pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración ao abeiro da Orde do 22 de xaneiro de 2026 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural, programa Galicia Suma Talento: Rural Activo.

De conformidade coas bases da convocatoria aprobadas xunto coa convocatoria en Resolución de Alcaldía nº 96/2026, de data 21 de abril, e en virtude do artigo 20 do Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado aprobado por Real decreto 364/1995, de 10 de marzo, e do artigo 31.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local;

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aprobar de forma provisional e elevar a definitiva, no suposto de non existir alegacións ou reclamacións de forma automática, a seguinte relación de aspirantes admitidos e excluídos da convocatoria referenciada:

1.- ASPIRANTES ADMITIDOS:

DNI	NOME APELIDOS
---5381--	GUSTAVO ADOLFO LOPEZ CASTRO
---9919--	SANTIAGO TORRES MATO

2.- ASPIRANTES EXCLUÍDOS: -----

SEGUNDO.- Publicar a lista provisional dos aspirantes admitidos e excluídos no Taboleiro de Edictos da Corporación sito na Casa Consistorial e na sede electrónica do Concello de Toques (<https://sede.toques.es>) e abrir o prazo de dous hábiles para a presentación de alegacións ou



CONCELLO DE TOQUES

Lugar de Souto
15806 Toques (A Coruña)
NIF: P-1508400G
Tfno.: 981 505 826 fax 981 506 255.
Páxina web: www.toques.es
Email: correo@toques.es

reclamacións.

TERCEIRO.- Convocar ó Tribunal de valoración para a súa constitución o venres, día 24 de abril de 2026 ás 11:00 horas. Os candidatos deberán comparecer **o mércores, día 20 de maio de 2026, ás 13:00 horas na Casa Consistorial do Concello** para a realización da proba da fase de oposición, debidamente provistos co DNI.

A non comparecencia do aspirante determinará a súa automática exclusión do proceso de selección.

CUARTO.- Dar conta do presente decreto na vindeira sesión ordinaria de Pleno

En Concello de Toques, o asina o Sr. Alcalde ante o Sr. Secretario na data que figura á marxe